

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a talleres de reparación de vehículos, Plan Renove para talleres de reparación de vehículos, para a adquisición de equipamento e adecuación das súas instalacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Procedemento (IN530C).

Dentro das competencias que atribúe á Consellería de Economía e Industria o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, atópase a promoción e dinamización económica dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O nivel tecnolóxico acadado no sector de actividade da reparación de vehículos permite cada vez menos o diagnóstico e a posterior reparación por métodos manuais baseados na habilidade e a experiencia, sendo imprescindible a utilización de conxuntos precisos con capacidade para extraer e comparar de xeito inequívoco datos fiables. Os novos equipamentos proporcionan á empresa a posibilidade de competir nun sector afectado por un vertixinoso avance tecnolóxico. Ademais, a actual aposta pola seguridade viaria incide directamente na importancia de utilizar equipamentos profesionais que fagan máis sinxela, profesional e precisa a diagnosis e a reparación dos vehículos.

Neste sentido, os obxectivos desta orde están dirixidos a incrementar e dinamizar a actividade económica deste sector na nosa comunidade autónoma e favorecer o seu desenvolvemento equilibrado. Con estes obxectivos, e nun contorno de crise económica, as medidas previstas nesta orde contribuirán a diminuír as posibles incidencias e a fomentar a competitividade dentro do sector.

De acordo co anterior, a Consellería de Economía e Industria a través da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, acorda realizar unha convocatoria de axudas para os talleres de reparación de vehículos para a adquisición de equipamento e a posta a punto de instalacións de carácter industrial.

Así mesmo, é preceptivo indicar que as actuacións desta convocatoria se financiarán baixo o réxime *de minimis* e, polo tanto, a súa tramitación queda condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería

de Economía e Industria para incentivar actuacións de investimento en equipamento e/ou instalacións en establecementos dedicados á reparación de vehículos en Galicia (epígrafe do IAE 691.2) (código de procedemento IN530C), Plan Renove para talleres de reparación de vehículos.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada do anexo III e dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. Os formularios normalizados de solicitude de subvención regulados nesta orde deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN530C), dispoñible no enderezo da internet <https://axudasindustria.xunta.es/att>.

Tamén se poderá acceder, a través da oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN530C.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a través dos medios sinalados no artigo 4º.

Os anexos desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, e será necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, logo da validación e obtención dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

3. As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

4. As solicitudes tamén se poderán presentar en formato electrónico, en vez de en papel, ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante

sinatura electrónica do/a representante legal, do solicitante ou persoa que o/a representa, téndose que cumprir os seguintes requisitos:

-O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, Izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANFAC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e *Banesto CA*.

-Xunto cos formularios de solicitude deberá anexarse en formato electrónico a documentación á que fai referencia o artigo 5º.2 das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitiranse anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios (preferentemente en formato PDF e cun tamaño máximo de 7MB por arquivo). No caso de presentación telemática, unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

5. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e, para eses efectos, procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas, como as organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a da xestión e tratamento do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, indicando no sobre ou no asunto do escrito Dereitos LOPD - Procedemento IN530C.

Artigo 3º.-Prazo de presentación de solicitudes e duración do procedemento de concesión.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 7 de outubro de 2011, salvo que se produza o suposto de esgotamento de crédito. Neste caso, informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través das páxinas web da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez presentadas as solicitudes por parte dos interesados, estas serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras que non poderá ter unha duración superior a nove meses.

Artigo 4º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN530C, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, a través dos seguintes medios:

1. Páxina web oficial da consellería:

<http://economiaeindustria.xunta.es>

2. O teléfono da devandita dirección xeral: 981 54 43 88.

3. O enderezo electrónico:

axudas-in530c.cei.dxiem@xunta.es

4. Presencialmente:

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a talleres de reparación de vehículos, Plan Renove para talleres de reparación de vehículos, para a adquisición de equipamento e adecuación das súas instalacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar actuacións de investimento

en equipamento e/ou instalacións en establecementos dedicados á reparación de vehículos en Galicia.

2.a) O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19º.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31º.4 desta lei.

b) A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario e, o seu esgotamento comportará a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

b.1) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b.2) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

3. As axudas reguladas nesta orde atópanse sometidas aos requisitos e aos límites establecidos no Regulamento comunitario nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro), en virtude do cal a contía global de axudas *de minimis* non poderá superar o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma de axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia o exercicio fiscal en curso e os dous exercicios fiscais inmediatamente anteriores, consonte co establecido no artigo 2º do citado regulamento.

Así mesmo, estas axudas non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso, nun regulamento de exención por categorías ou nunha decisión adoptada pola comisión.

Artigo 2º.-*Actuacións, gastos subvencionables e contía das axudas.*

A) Terán a consideración de investimentos subvencionables, os seguintes:

1. Equipamento:

a) Equipamentos de diagnose multimarca.

b) Analizadores de gases.

c) Opacímetros.

d) Elevadores.

e) Cabinas de pintura para base auga.

f) Sistemas de medición electrónicos de carrozaría sen bancada.

g) Aliñador de direccións, con tecnoloxía sen fíos, computerizado.

h) Sistemas de pintura acuosas con hidróxeno.

i) Equipamentos de soldadura de alta resistencia en aluminio e aceiro de alto índice elástico.

j) Compresores de tuso con secador.

k) Liñas Pre ITV con bancos de suspensión, de freos e medidor de diverxencia.

Formarán parte do investimento subvencionable aquelas actuacións imprescindibles para a posta en marcha do equipamento sempre que fosen levadas a cabo polo provedor do equipamento e se inclúan nas facturas que, con relación ao equipamento, este emita.

2. Instalacións:

a) Instalacións eléctricas conforme o Regulamento de baixa tensión.

b) Instalacións de aire comprimido.

c) Sistemas de filtración, aspiración e extracción centralizada.

B) Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables.

1. Tanto o equipamento do punto A.1 como os elementos que conforman as instalacións do punto A.2, que se presenten para o seu financiamento, serán de primeiro uso.

2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2011 e a data de presentación da solicitude de subvención. Todos os investimentos obxecto de axuda deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables a partir desta última data.

3. Os elementos susceptibles de ser considerados como subvencionables, para cada solicitude presentada, pertencerán a un único centro de traballo en territorio galego.

4. Non se considerará subvencionable o imposto sobre valor engadido (IVE).

5. Non se admitirán a trámite as solicitudes cun investimento subvencionable inferior aos 6.000 euros.

6. En relación ás instalacións a que se refire o punto A.2 deste artigo e independentemente do importe a que ascenda o conxunto das que se inclúan na solici-

tude, considerarase subvencionable, como máximo, un importe de 7.000 euros.

7. Non se considerarán subvencionables aqueles conceptos das facturas que non se poidan facer corresponder, dun xeito inequívoco, cos considerados como subvencionables no punto A deste artigo.

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

Para a concesión das axudas, que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria que se menciona:

Aplicación	Denominación	Año 2011 (euros)
08.04.741A.771.0	Plan Renove para talleres de reparación de vehículos	500.000
	Crédito total (€)	500.000

A intensidade da axuda será do 30% do investimento subvencionable, pero en ningún caso, baixo esta convocatoria, poderá concederse unha subvención superior a 10.000 euros por centro de traballo e de 20.000 euros por beneficiario.

Así mesmo, cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade de axuda prevista no parágrafo anterior, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte considerando todos os investimentos subvencionables que a conformen. Para o caso de empate entre varias solicitudes nos termos do artigo 8º.3 c) procederase a repartir o crédito dispoñible segundo o disposto no devandito artigo.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sempre que cumpran cos requisitos de microempresa: as persoas xurídicas validamente constituídas no momento da presentación de solicitudes, as persoas físicas e as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, sempre que teñan o centro de traballo, ao que destinen os bens e/ou as instalacións obxecto de subvención, radicado na Comunidade Autónoma de Galicia, e que acrediten a inscrición da súa actividade, na epígrafe 691.2 Reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos do IAE (Imposto sobre Actividades Económicas), todo o anterior sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases. Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión, así como os demais que se prevexan nesta orde e na normativa aplicable.

Entenderase por microempresa aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de

negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros, segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

No caso das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Ademais, non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35º e 63º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán ser beneficiarios aqueles solicitantes en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, que se presentará coa solicitude, tal e como se recolle no anexo III folla 1.

As entidades beneficiarias non poderán ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1 letra h) do Regulamento (CE) nº 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado, ás axudas *de minimis*.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria nos seus artigos 2º e 3º.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse un exemplar da seguinte documentación en orixinal ou copia compulsada (cando a presentación da solicitude se presente en papel), ou anexarse en formato electrónico segundo o disposto no artigo 35º.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (cando a presentación da solicitude se faga a través do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia):

A) Documentación administrativa:

A.1. Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos II e III, obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, e que só terán validez se están asinados polo/s representante/s legal/legais da entidade correspondente:

A.1.1. Anexo II (modelo normalizado da solicitude, 3 follas). Inclúe datos identificativos do solicitante, os obxectivos que se pretenden co investimento realizado, enumeración do equipamento e instala-

cións que compoñen o investimento realizado, así como, no caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, a relación de membros, o seu compromiso de execución para o proxecto e o importe de subvención a aplicar para cada un deles.

A.1.2. Anexo III (modelo de declaración responsable, 2 follas). Inclúe as seguintes declaracións:

-Declaración expresa de que os datos que figuran na solicitude e demais documentación son certos e de que o solicitante pertence á categoría de microempresa, de acordo coa Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003.

-Declaración expresa de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10º da Lei 9/2007.

-Declaración expresa de non ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1º letra h) do Regulamento (CE) nº 1998/2006, do 15 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado, ás axudas *de minimis*.

-Declaración expresa de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27º da Lei 9/2007, nin no artigo 43º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei.

-Declaración expresa de que a entidade solicitante está dada de alta na epígrafe 691.2 do IAE.

-Declaración expresa do coñecemento de que a solicitude da axuda comporta a autorización para que o órgano xestor solicite telematicamente os certificados que emite a Seguridade Social, a Consellería de Facenda, e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

-Declaración expresa do coñecemento do previsto no artigo 2º.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, sobre a acreditación e verificación dos datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade do interesado.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos fiscais 2009, 2010 e 2011.

A.2. Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante que deberá estar en vigor:

A.2.1. Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas coas administracións públicas e certificado de estar dado de alta na epígrafe 691.2 do IAE.

A.2.2. Para empresarios individuais:

1. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE, ou documento que acredite a personalidade do solicitante; salvo autorización expresa para a súa consulta.

A.2.3. Para entidades sen personalidade xurídica (agrupación de persoas físicas):

1. Documento privado ou público de constitución actualizado, en que figure a identificación de todos os seus integrantes, á súa cota de participación e o obxecto da entidade, asinado por todos os seus membros.

2. NIF da entidade solicitante. Se o NIF presentado dispón de código electrónico de verificación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), poderá presentar o documento sen compulсар.

3. Documento de apoderamento ou representación a unha única persoa, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á entidade solicitante e para actuar ante a Administración pública no seu nome e representación (este documento deberá estar asinado por todos os integrantes da entidade).

4. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade de cada un dos integrantes da entidade solicitante; salvo autorización expresa para a súa consulta.

A.2.4. Para entidades con personalidade xurídica:

1. NIF da entidade solicitante. Se o NIF a presentado dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderá presentar o documento sen compulсар.

2. Documento acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración pública en nome e representación dunha persoa xurídica. Esta acreditación realizarase achegando calquera dos seguintes documentos:

i) Certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos necesarios para ter personalidade xurídica (Rexistro de Cooperativas, etc.) en que se identifiquen os representantes ou apoderados da entidade solicitante, así como o alcance da dita representación e vixencia.

ii) Documento público de outorgamento do poder ou, de ser o caso, o do nomeamento do representante, que deberá presentarse íntegro, debendo figurar

expresamente a súa inscrición no rexistro que legalmente lle puidese corresponder.

3. Documento nacional de identidade (DNI), NIF, NIE ou documento que acredite a personalidade do representante legal; salvo autorización expresa para a súa consulta. No caso de representación mancomunada deberán presentarse os correspondentes DNI, NIE, NIF ou documentos que acrediten as personalidades de todos os representantes.

A.3. Independentemente da forma xurídica da entidade solicitante, poderase exercer o dereito a non presentar parcialmente ou na súa totalidade a documentación xurídico-administrativa antes sinalada empregando os seguintes medios:

-De acordo co disposto no artigo 35º f) da Lei 30/1992 e no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, non será necesario presentar a documentación xurídico administrativa cando o solicitante declare que esta xa se atopa en poder desta consellería, sempre que se fagan constar nos formularios normalizados da solicitude a data, o código de procedemento para o que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

-Non será preciso achegar as certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, salvo que o solicitante denegase expresamente (anexo III folla 1), a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

-De acordo co establecido no artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, non será exixible fotocopia do documento nacional de identidade nin do documento de identificación de estranxeiros/as sempre que o/a interesado/a preste o seu consentimento para que o órgano xestor poida realizar a consulta por medio telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas que, para tal fin, estableza o departamento competente en materia de xestión da administración electrónica.

-Para o caso de entidades con personalidade xurídica, non será necesario presentar os DNI, NIE ou NIF dos representantes legais cando se presente como documento acreditativo de poder suficiente o previsto no apartado A.2.4.2.ii deste artigo.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou a información conforme os puntos anteriores ou se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por

outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

B) Documentación xustificativa dos investimentos realizados:

B.1. Cadro de investimentos, que se deberá formular segundo o modelo recollido no anexo II, na súa folla 3, no cal se deberán detallar os investimentos realizados.

B.2. Xustificantes de realización e pagamento (para cada un dos que se recollan no anexo do punto anterior) e que consistirán en:

-Copias compulsadas das facturas dos provedores (que deberán reflectir, de xeito desagregado, o seu importe e a súa descrición, segundo o cadro de investimentos do anexo II folla 3).

-Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas (que permitan relacionar a factura e o proveedor). Non se admitirán pagamentos en efectivo, nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñan de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

B.3. Calquera outro documento que se requira, para a determinación e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20º.3 da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o modelo do anexo III folla 1. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, caso no que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 7º.-Órganos competentes.

1. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión e pagamento.

2. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano encargado de, á vista das solicitudes, propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. Para isto desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

Artigo 8º.-Instrución do procedemento.

1. De conformidade co establecido no artigo 71º da LRXPAC, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.2.A.3, resulta que o solicitante non está ao día de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Será obxecto de requirimento a totalidade da documentación xustificativa dos investimentos reflectidos no cadro de investimentos do anexo II folla 3.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Ata o esgotamento do crédito dispoñible, a concesión das subvencións efectuarase respectando a data de prioridade adquirida polas solicitudes, con base no establecido no punto anterior e conforme as seguintes regras:

a) Sempre que se cumpran os requisitos determinados nestas bases e na convocatoria, e ata o esgota-

mento do crédito dispoñible, as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes.

b) No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes, presentadas en rexistros diferentes, a orde de prioridade virá determinada pola hora de entrada no rexistro.

c) No caso de persistir o empate entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atendela coa intensidade de axuda prevista no artigo 3º destas bases, este repartirase de xeito proporcional á suma total dos investimentos subvencionables que terían presentado no caso de non terse dado o suposto de empate, respectando os límites de intensidade de axuda do artigo 3º.

No caso de que unha vez feita a repartición algunha delas supere o límite de intensidade de 10.000 euros por solicitude ou de 20.000 euros por beneficiario, o exceso repartirase entre as restantes que formen parte do empate e que non superen os límites, procedendo segundo o descrito no parágrafo anterior, excluindo o investimento subvencionable da solicitude que incorra no exceso.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.

5. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50º e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 9º.-Audiencia.

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 10º.-Resolución e pagamento.

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas formulará a proposta de resolución, que se elevará ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, e sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da Consellería de Economía e Industria. De se producir a

devandita delegación, esta farase consonte o disposto no artigo 13º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e ao artigo 6º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A resolución de delegación deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Á vista da proposta formulada pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, e segundo o que dispón o artigo 21º.4 da Lei 9/2007, de non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que serán motivadas, de acordo cos criterios establecidos nesta orde.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir da presentación da solicitude de subvención polo interesado nun rexistro válido. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Segundo dispón o artigo 24º da Lei 9/2007, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58º da LRPAC.

5. No prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á recepción da notificación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e para proceder ao pagamento da axuda, o beneficiario terá que dar cumprimento á obriga do artigo 13º b) destas bases, que fai referencia á presentación da solicitude de libramento da axuda.

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a anterior documentación, requirírase, para que nun prazo improrrogable de 10 días proceda á súa presentación. No caso de que non se presentase, producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención.

6. Á vista da documentación á que se fai referencia no punto anterior, procederáse ao pagamento nos termos reflectidos na resolución de concesión ou ben acordarase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial desta, segundo o caso.

Artigo 11º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación

da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

-Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

-Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

-Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

-Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento no que se dictou a resolución tiveran lugar con posterioridade a esta.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria logo da instrución do correspondente expediente, no que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 9º.

Artigo 13º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11º da Lei 9/2007, así como daqueloutras específicas que se indiquen no anexo desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Presentar, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación

da resolución da axuda, unha solicitude de libramento acompañada das seguintes declaracións:

Unha declaración actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Ademais farase mención expresa sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10º da Lei 9/2007.

-Declaración expresa de non ter a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 1º letra h) do Regulamento (CE) 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado, ás axudas *de minimis*.

Para dar cumprimento a esta obriga poderanse utilizar como modelos as follas 1 e 2 do anexo III da solicitude.

Ademais deberá achegar as certificacións, ás que se fai referencia no artigo 6º.1 destas bases, no caso de non ter autorizada a súa obtención, por parte do órgano xestor, no momento da solicitude de axuda.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da comunidade autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar cantas información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta orde de axudas con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda Proxecto cofinanciado, acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Consellería de Economía e Industria-Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

e) En cumprimento do artigo 29º.4 da Lei 9/2007, o beneficiario queda obrigado a manter os investimentos subvencionados, así como toda a documentación relacionada coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de cinco anos desde a súa concesión. O incumprimento desta obriga, que se producirá en todo caso co alleamento

ou co gravame do ben, será causa de reintegro nos termos do artigo 33º da devandita lei.

Artigo 14º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde, nas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable dará lugar á obriga de devolver, total ou parcialmente, as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos nos artigos 32º e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei.

2. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 50º e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 15º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 16º.-*Publicidade.*

Cando remate o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez resoltos os expedientes presentados, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 17º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei. Así mesmo estarase ao disposto na normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro (DOUE L 379, do 28 de decembro) relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO II
(folla 1 de 3)

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA TALLERES DE REPARACION DE VEHICULOS	CODIGO DO PROCEDEMENTO IN530C	DOCUMENTO SOLICITUDE
-----------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA (APELIDOS E NOME PARA EMPRESARIOS INDIVIDUAIS)		NIF DA ENTIDADE SOLICITANTE	
CODIGO WEB	ENDEREZO SOCIAL		CODIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	FORMA XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE	
TELÉFONO 1	MÓBIL	FAX	<input type="checkbox"/> EMPRESARIO INDIVIDUAL <input type="checkbox"/> ENTIDADE SEN PERSONALIDADE XURÍDICA <input type="checkbox"/> ENTIDADE CON PERSONALIDADE XURÍDICA
CORREO ELECTRÓNICO	WEB DA EMPRESA		

REPRESENTACIÓN LEGAL

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIE
<i>Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante</i>			
APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIE

DATOS DO INVESTIMENTO (2011) E CONTÍA SOLICITADA (EUROS)

ENDEREZO DO CENTRO PRODUTIVO DONDE SE REALIZARÁ O INVESTIMENTO		CODIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TÍTULO DO PROXECTO
INVESTIMENTO TOTAL REALIZADO	PORCENTAXE SOLICITADA DE SUBVENCIÓN (MÁXIMO 30%)	SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA

Autorizo a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas para que, de conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente: SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, edif. admvo. San Caetano, s/n, 15781 - Santiago de Compostela (A Coruña), indicando no sobre ou no asunto do escrito o texto "Dereitos LOPD - procedemento IN530C"

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a talleres de reparación de vehículos, Plan Renove para talleres de reparación de vehículos, para a adquisición de equipamento e adecuación das súas instalacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Procedemento (IN530C).</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O REPRESENTE(N), E SELO DA ENTIDADE Lugar e data _____, de _____ de _____		

Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia
 (Edificio advo. SanCaetano, s/n - bloque 5 - 4º andar; 15781 Santiago de Compostela)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE, IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, OU, SE É O CASO, OPTA PARA QUE O ÓRGANO XESTOR ACCEDA A ELA

	Presenta	No presenta	Autoriza o órgano xestor		Disponible no procedemento
			SI	NO	
<input type="checkbox"/> FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POLOS ANEXOS II (3 FOLLAS) E III (2 FOLLAS) (art. 5º.2.A.1 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA DE ALTA NO EPÍGRAFE DO IAE 691.2 (art. 5º.2.A.2.1 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/> FACTURAS E OS SEUS CORRESPONDENTES XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO (art. 5º.2.B.2. das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E TRIBUTARIAS E DE NON TER DÉBEDAS COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA (art. 5º.2.A.2.1 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DOCUMENTACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA, NO CASO DUN EMPRESARIO INDIVIDUAL (art. 5º.2.A.2.2 das bases reguladoras):					
<input type="checkbox"/> DNI (salvo autorización para a súa consulta), NIF, NIE OU DOCUMENTO QUE ACREDITE A SÚA PERSONALIDADE (art. 5º.2.A.2.2.1. das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DOCUMENTACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA, NO CASO DUNHA ENTIDADE SEN PERSONALIDADE XURÍDICA (art. 5º.2.A.2.3 das bases reguladoras):					
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO PRIVADO OU PÚBLICO DE CONSTITUCIÓN (art. 5º.2.A.2.3.1 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> NIF DA ENTIDADE SOLICITANTE (art. 5º.2.A.2.3.2 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO ACREDITATIVO DE PODER SUFICIENTE (art. 5º.2.A.2.3.3 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> DNI (salvo autorización para a súa consulta), NIF, NIE OU DOCUMENTO QUE ACREDITE A PERSONALIDADE DOS INTEGRANTES (art. 5º.2.A.2.3.4 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
DOCUMENTACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA, NO CASO DUNHA ENTIDADE CON PERSONALIDADE XURÍDICA (art. 5º.2.A.2.4 das bases reguladoras):					
<input type="checkbox"/> NIF DA ENTIDADE SOLICITANTE (art. 5º.2.A.2.4.1 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO ACREDITATIVO DE PODER SUFICIENTE (art. 5º.2.A.2.4.2 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> DNI (salvo autorización para a súa consulta), NIF, NIE OU DOCUMENTO QUE ACREDITE A PERSONALIDADE DO REPRESENTANTE LEGAL (art. 5º.2.A.2.4.3 das bases reguladoras)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO III
(folia 1 de 2)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE

D/D^a con DNI/NIE:
 D/D^a con DNI/NIE:
 en nome e representación da entidade: con NIF:

E, en relación ao expediente IN530C-cweb presentado ao abeiro da Orde do _____ de 2011 de axudas para adquisición de equipamento e/ou instalacións para talleres de reparación de vehículos.

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) QUE TODOS OS DATOS que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentación SON CERTOS e que a dita empresa, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas PERTENCE Á CATEGORÍA DE MICROEMPRESA.

2) QUE COÑECE E ADMITE as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela para acadar a condición de beneficiario.

3) QUE NON SE ATOPA INCURSO en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no número 2 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4) QUE A ENTIDADE NON TEN A CONSIDERACIÓN DE EMPRESA EN CRISE conforme o disposto no artigo 1º letra h) do Regulamento (CE) nº 1998/2006, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado, ás axudas *de minimis*.

5) QUE OS PROVEDORES NON ESTÁN VINCULADOS coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorren neles ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27º da Lei 9/2007, nin no artigo 43º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da antedita lei.

6) QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTA ESTÁ DADA DE ALTA, no imposto de actividades económicas na EPÍGRAFE 691.2 DO IAE Talleres de reparación de vehículos automóbiles, bicicletas e outros vehículos.

7) QUE NO REFERENTE AOS CERTIFICADOS que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda, respecto á acreditación da alta no IAE, datos identificativos do NIF, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia:

COÑECE O PREVISTO NO ARTIGO 20º.3 DA LEI 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no referente a que a presentación da solicitude comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar os devanditos certificados.

(No caso de que a entidade solicitante careza de personalidade xurídica, esta autorización estenderase a todos os seus integrantes).

QUE, NON OBSTANTE O ANTERIOR, NON AUTORIZA o órgano xestor para solicitalos e presentará as certificacións a que se fai referencia neste punto baixo propia responsabilidade.

8) QUE COÑECE O PREVISTO NO ARTIGO 2º.2 DO DECRETO 255/2008, DO 23 DE OUTUBRO, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, polo tanto,

Presto o meu consentimento para a consulta dos meus datos persoais a través do sistema de verificación de datos de identidade.

(No caso de que a entidade solicitante careza de personalidade xurídica, esta autorización estenderase a todos os seus integrantes)

Non presto o meu consentimento para a consulta dos meus datos persoais a través do sistema de verificación de datos de identidade.

(Neste caso deberá presentar esta documentación segundo o disposto no artigo 5º.2.A das bases reguladoras)

Lugar e data

_____, de _____ de 2011

(sinatura e selo da empresa)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO III
(folia 2 de 2)

DECLARACIÓN EXPRESA DA ENTIDADE SOLICITANTE.

(Axudas públicas ou privadas para este proxecto ou en réxime *de minimis*)

D/D^a con DNI/NIE:
 D/D^a con DNI/NIE:
 en nome e representación da entidade: con NIF:

E, en relación ao expediente IN530C+cweb presentado ao abeiro da Orde do _____ de 2011 de axudas para adquisición de equipamento e/ou instalacións para talleres de reparación de vehículos.

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) En relación a outras axudas solicitadas e/ou concedidas non suxeitas ao réxime *de minimis*.

NON se solicitaron, nin se teñen concedidas, outras axudas para este mesmo proxecto.

SI se solicitaron e/ou se teñen concedidas as axudas, que se relacionan seguidamente, para este mesmo proxecto:

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Estado</i>	<i>Importe (€)</i>	<i>Disposición reguladora</i>	<i>Data de publicación no DOG da disposición reguladora</i>	<i>Data da solicitude ou de resolución de concesión</i>	<i>Entidade concedente</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2) En relación a outras axudas solicitadas e/ou concedidas suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos 2009-2010-2011

NON se solicitaron nin se teñen concedidas outras axudas suxeitas ao réxime *de minimis*.

SI se solicitaron e/ou se teñen concedidas as axudas, suxeitas ao réxime *de minimis*, que se relacionan seguidamente:

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Estado</i>	<i>Importe (€)</i>	<i>Disposición reguladora</i>	<i>Data de publicación no DOG da disposición reguladora</i>	<i>Data da solicitude ou de resolución de concesión</i>	<i>Entidade concedente</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, **comprométese a comunicar** cantas axudas *de minimis* que solicite ou obteña, e todas aquelas axudas que solicite ou obteña para a mesma actuación por parte das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de 2011

(sinatura e selo da empresa)